



situación económica de galicia

- panorama xeral
- producción
- demanda interna
- sector exterior
- inflación e tipos de xuro

1.1. **panorama xeral**

Este capítulo ten como obxectivo presentar o marco económico xeral no que se desenvolve a economía galega. En primeiro lugar analízase o panorama económico internacional (OCDE, UE-15, zona euro, Estados Unidos e Xapón), para descender posteriormente ó contexto español e á análise dos datos da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Os países da OCDE no seu conxunto presentaron en 2002 unha aceleración do seu crecemento, que medrou un 1,8% en 2002, un punto porcentual máis do que o fixera en 2001. Este maior dinamismo prodúcese na economía estadounidense, xa que os outros dous bloque comerciais presentan unha ralentización no seu crecemento, que foi do 1,0% na Unión Europea (1,6% en 2001) e do 0,3% en Xapón (unha décima menos que no ano anterior). En España, tamén se produce esta minoración do crecemento da produción, que acada unha taxa de crecemento do 2,0% en 2002 fronte ó 2,7% do ano anterior.

A análise deste marco económico parte da información facilitada pola OCDE, o Eurostat, o INE, o Banco de España e o INE de Portugal.

Finalmente, analízase a converxencia real da economía galega respecto ó conxunto do Estado e á UE, tendo como indicadores o produto interior bruto por habitante (prezos constantes) no primeiro caso e o PIB por habitante (poder de compra) no caso da UE. Cómpre salientar, por unha banda, a converxencia da economía galega coa media estatal. Por outra, se se consideran os 10 países candidatos a formar parte da Unión Europea nos vindeiros anos, Galicia seguiría sendo unha rexión obxectivo 1 ó representa-lo seu PIB per cápita o 71,3% da media comunitaria.

Panorama económico internacional

A diferenza do acontecido en 2001, ó longo do ano 2002 os países da OCDE presentaron, no seu conxunto, unha aceleración da súa produción, que medrou un 1,8% fronte ó 0,8% do ano anterior. Atendendo ás tres grandes áreas económicas, este maior dinamismo prodúcese pola evolución da economía estadounidense, xa que Xapón e a Unión Europea volven a experimentar unha ralentización no seu crecemento.

Economía internacional 2000-02: evolución dos principais indicadores

| | 2000 | 2001 | 2002 |
|--|---|------|------|
| PIB | <i>(taxa de crecemento sobre o mesmo período do ano anterior)</i> | | |
| OCDE | 3,8 | 0,8 | 1,8 |
| EE.UU. | 3,8 | 0,3 | 2,4 |
| Xapón | 2,8 | 0,4 | 0,3 |
| Zona Euro | 3,6 | 1,5 | 0,9 |
| UE-15 | 3,5 | 1,6 | 1,0 |
| Demanda interna | | | |
| OCDE | 3,9 | 0,6 | 1,9 |
| EE.UU. | 4,4 | 0,4 | 3,0 |
| Xapón | 2,4 | 1,1 | -0,3 |
| Zona Euro | 3,0 | 1,0 | 0,3 |
| UE-15 | 3,2 | 1,2 | 0,7 |
| Exportacións | | | |
| OCDE | 11,8 | -1,8 | 1,6 |
| EE.UU. | 9,7 | -5,4 | -1,6 |
| Xapón | 12,3 | -6,1 | 8,1 |
| Importacións | | | |
| OCDE | 12,3 | -1,2 | 2,7 |
| EE.UU. | 13,2 | -2,9 | 3,7 |
| Xapón | 9,4 | 0,1 | 2,0 |
| Deflactor PIB | | | |
| OCDE | 2,7 | 2,9 | 2,1 |
| EE.UU. | 2,1 | 2,4 | 1,1 |
| Xapón | -1,9 | -1,6 | -1,7 |
| Zona Euro | 1,3 | 2,4 | 2,4 |
| UE-15 | 1,5 | 2,4 | 2,5 |
| Productividade sector empresarial | | | |
| OCDE | 2,7 | 0,3 | 2,2 |
| EE.UU. | 2,6 | 0,2 | 3,9 |
| Xapón | 3,2 | 0,8 | 1,7 |
| Zona Euro | 1,4 | -0,1 | 0,5 |
| UE-15 | 1,7 | 0,3 | 0,7 |
| Tipo de xuro a curto prazo | | (%) | |
| EE.UU. | 6,5 | 3,7 | 2,3 |
| Xapón | 0,2 | 0,1 | 0,1 |
| Zona Euro | 4,4 | 4,2 | 3,3 |
| Tipo de xuro a longo prazo | | | |
| EE.UU. | 6,0 | 5,0 | 4,6 |
| Xapón | 1,7 | 1,3 | 1,3 |
| Zona Euro | 5,4 | 5,0 | 4,9 |
| Taxa de desemprego | | | |
| OCDE | 6,1 | 6,4 | 6,9 |
| EE.UU. | 4,0 | 4,8 | 5,8 |
| Xapón | 4,7 | 5,0 | 5,4 |
| Zona Euro | 8,4 | 8,0 | 8,2 |
| UE-15 | 7,8 | 7,3 | 7,6 |

 Fonte: OCDE, *Economic Outlook*

No concernente á **zona euro**, os datos relativos ó total do ano 2002 amosan que continúa a ralentización do crecemento económico, que foi do 0,9% fronte ó 1,5% do ano anterior. Esta ralentización obsérvase tamén na evolución da demanda interna, que medrou un 0,3% no ano 2002 fronte ó 1,0% do ano anterior. No conxunto da UE-15, a taxa de crecemento do PIB en 2002, **cadro 1.1.1.**, situouse no 1,0% de media anual (seis décimas menos que en 2001), en tanto que a demanda interna medrou un 0,7% respecto a 2001 (5 décimas menos do que o fixera no ano anterior).

A taxa de inflación en Europa, medida a través do deflactor do PIB, presenta na zona euro un nivel do 2,4% (2,5% no conxunto da UE-15), un valor tres décimas superior ó existente no con-

xunto dos países da OCDE (2,1%). A diferenza do acontecido no ano anterior, o deflactor do PIB na UE-15 e na zona euro é superior ó nivel existente no conxunto da OCDE.

No concernente ó mercado laboral, a taxa de desemprego rexistrou en 2002 unha medra tanto na zona euro como nos conxunto dos países da UE. Nos países da zona euro a taxa de desemprego situouse en 8,2% en 2002 (dúas décimas máis que no ano 2001), sendo na Europa dos quince do 7,6% (7,3% en 2001) e no conxunto da OCDE do 6,9% (6,4% no ano 2001).

A **economía de Estados Unidos** presentou en 2002 un crecemento do 2,4%, máis de dous puntos superior á rexistrada en 2001. Esta evolu-

ción débese ó crecemento da demanda interna (3,0% respecto ó 2001) dado que o sector exterior presenta, ó igual que en 2001, unha aportación negativa ó crecemento (-0,6 puntos porcentuais en 2002 e -0,1 puntos en 2001). En 2002 rexístrase, por segundo ano consecutivo, unha caída das exportacións (-1,6%) namentres que as importacións medraron un 3,7%, acrecentándose o problema do déficit comercial. A taxa de inflación medrou un 1,1% en 2002 fronte ó 2,4% do ano anterior, en tanto que a taxa de desemprego foi de 5,8%, un punto porcentual superior á rexistrada no ano anterior.

A **economía de Xapón** presentou no ano 2002 un crecemento do 0,3%, unha décima inferior á rexistrada en 2001. A principal contribución ó crecemento corresponde ó sector exterior, que aportou 0,6 puntos porcentuais á variación do PIB, dado que o dinamismo das exportacións (medran un 8,1% en 2002) foi superior ó das importacións (2,0% respecto ó 2001). Pola contra, a demanda interna descendeu 0,3 puntos porcentuais, por mor da ralentización do consumo público e privado, e a caída do investimento. No concernente ó desemprego e á inflación, ós datos seguen a ser negativos xa que, dunha banda, a taxa de desemprego volve a acadar en 2002 un novo máximo histórico (5,4%) e doutra, a inflación, medida polo deflactor do PIB, amosa que continúa o proceso de deflación experimentado nos últimos anos.

Panorama económico de España

A economía española ó longo do ano 2002 experimentou unha minoración no seu crecemento, que se saldou cunha moderación no seu ritmo de creación de emprego. Neste ano 2002 a taxa española de inflación, medida polo índice de prezos ó consumo, seguiu estando por riba da taxa prevista inicialmente polo goberno, sendo superior á inflación media –medida a través do índice de prezos harmonizados- do conxunto da Unión Europea.

O crecemento do PIB real da economía española no ano 2002 foi do 2,0% fronte á medra do 2,7% rexistrada no ano anterior. Esta ralentización trasladouse ó mercado de traballo, que rexistrou un crecemento da poboación ocupada

do 2,0% no 2002 (3,7% no ano 2001 respecto a 2000) e un incremento do número de parados do 11,4%, fronte ó descenso do 24,8% do 2001.

Dende a **óptica da demanda**, a devandita desaceleración da produción respondeu tanto á moderación no ritmo de crecemento da demanda interna como á aportación negativa da demanda externa. A contribución ó crecemento da demanda interna foi de 2,3 puntos porcentuais, fronte ós 2,8 puntos de 2001. Esta evolución é resultado do debilitamento do gasto en consumo final (medra un 2,3% respecto ó 2001, fronte ó aumento do 2,6% no ano anterior) e da formación bruta de capital (1,4% en 2002 e 3,2% no ano 2001), e especialmente, do retroceso do investimento en bens de equipo, que decrece un 4,1% respecto ó ano 2001.

No concernente á aportación negativa do sector exterior, esta foi de -0,3 puntos en 2002 fronte ós -0,1 puntos do ano anterior. O **cadro 1.1.2.** reflicte un crecemento das exportacións do 1,4% respecto ó ano 2001, e do 2,2% no caso das importacións. No ano anterior, estes incrementos estiveron en torno ó 3,5% respecto ó ano precedente.

Desde a **óptica da oferta**, o devandito **cadro 1.1.2.** amosa o comportamento dispar das distintas ramas de actividade. Dunha banda, as ramas agrarias e pesqueiras e as ramas industriais rexistran en 2002 un retroceso do 2,1% e 0,5%, respectivamente. Doutra, a construción e os servizos no seu conxunto presentan unha desaceleración da súa actividade, con crecementsos de 4,9% e 2,2% en 2002, respectivamente. Pola contra, tan só as ramas enerxéticas e os servizos non de mercado presentan unha medra do seu VEB, cun incremento do 8,3% e o 3,5%, respectivamente.

Estes retrocesos e desaceleracións na actividade económica tiveron unha repercusión directa no **mercado de traballo**, onde o número medio de ocupados no ano 2002 medrou un 2,0% respecto ó ano 2001, acadando as 16.257,6 miles de persoas (312,0 miles de ocupados máis). Nos sectores primario e industrial a poboación ocupada diminuíu un 5,7% (57,9 miles de persoas) e 0,4% (13,8 miles de ocupados menos), respectivamente, en

CADRO 1.1.2.

Evolución do PIB e das súas compoñentes en España 2001-02: base 1995 ⁽¹⁾

| | 2001 | 2002 | 2002 | | | |
|---|------|------|------------|------|------|------|
| | | | trimestres | | | |
| | | | I | II | III | IV |
| Gasto en consumo final | 2,6 | 2,3 | 1,8 | 2,2 | 2,3 | 2,9 |
| Gasto en consumo final dos fogares | 2,5 | 1,9 | 1,4 | 1,9 | 1,9 | 2,5 |
| Gasto en consumo final das ISFLSH | 1,2 | 0,0 | -0,3 | -0,2 | 0,0 | 0,5 |
| Gasto en consumo final das AA.PP | 3,1 | 3,8 | 3,5 | 3,3 | 3,9 | 4,6 |
| Formación bruta de capital fixo | 3,2 | 1,4 | 0,2 | 0,7 | 1,8 | 2,9 |
| Bens de equipo | -1,2 | -4,1 | -7,2 | -6,4 | -4,0 | 1,4 |
| Construcción | 5,8 | 4,5 | 4,1 | 4,5 | 5,0 | 4,3 |
| Outros produtos | 3,4 | 1,5 | 2,5 | 1,8 | 1,3 | 0,5 |
| Variación de existencias (2) | -0,0 | 0,1 | 0,9 | -0,2 | -0,1 | 0,1 |
| Demanda interna | 2,8 | 2,3 | 2,3 | 1,6 | 2,2 | 3,1 |
| Exportacións de bens e servizos | 3,4 | 1,4 | -3,0 | -1,9 | 4,2 | 6,4 |
| Exportacións de bens | 2,3 | 2,3 | -4,4 | -2,1 | 7,4 | 9,2 |
| Exportacións de servizos | 6,0 | -0,6 | 1,0 | -1,4 | -1,4 | -0,1 |
| Importacións de bens e servizos | 3,5 | 2,2 | -1,4 | -3,0 | 4,9 | 8,4 |
| Importacións de bens | 3,0 | 2,2 | -1,7 | -2,9 | 4,7 | 8,9 |
| Importacións de servizos | 6,2 | 2,0 | -0,3 | -3,5 | 5,6 | 5,9 |
| PIB a prezos de mercado | 2,7 | 2,0 | 1,9 | 2,1 | 1,9 | 2,2 |
| Ramas agraria e pesquera | -3,1 | -2,1 | 0,2 | 0,0 | -2,2 | -5,6 |
| Ramas enerxéticas | 2,8 | 8,3 | 8,8 | 10,8 | 7,0 | 6,6 |
| Ramas industriais | 1,2 | -0,5 | -4,0 | -1,6 | 1,5 | 2,4 |
| Construcción | 5,4 | 4,9 | 4,9 | 5,0 | 5,4 | 4,4 |
| Ramas dos servizos | 3,2 | 2,2 | 2,5 | 2,7 | 1,8 | 2,0 |
| Servizos de mercado | 3,3 | 1,9 | 2,3 | 2,3 | 1,3 | 1,6 |
| Servizos de non mercado | 2,9 | 3,5 | 3,3 | 4,0 | 3,4 | 3,4 |
| Impostos netos sobre os produtos | 2,4 | 2,1 | 4,6 | -0,1 | 0,2 | 3,0 |
| IVE que grava os produtos | 2,5 | 0,2 | 5,7 | 2,7 | -6,7 | -2,7 |
| Impostos netos sobre prod. importados | 0,4 | -5,5 | -8,6 | -4,8 | -4,8 | -3,8 |
| Outros impostos netos sobre os produtos | 2,1 | 6,3 | 2,6 | -3,4 | 10,4 | 22,4 |

(1) a partir do primeiro trimestre de 1999 o INE presenta a Contabilidade Nacional adaptada á metodoloxía do SEC-95

(2) contribución ó crecemento do PIB

Fonte: INE, Contabilidad Nacional Trimestral de España

CADRO 1.1.3.

Índices de competitividade de España fronte á UE e á OCDE 1998-02

| | Fronte a UE | | Fronte a países desenvolvidos | | Fronte a países industrializados | |
|-------------|-----------------|------------------------------|-------------------------------|------------------------------|----------------------------------|------------------------------|
| | IPC | Índice de Prezos Industriais | IPC | Índice de Prezos Industriais | IPC | Índice de Prezos Industriais |
| | (base 1999=100) | | | | | |
| 1998 | 99,1 | 99,2 | 99,6 | 99,7 | 99,8 | 99,8 |
| 1999 | 99,8 | 99,4 | 99,0 | 98,7 | 98,9 | 98,5 |
| 2000 | 100,4 | 98,2 | 97,5 | 96,0 | 96,9 | 95,3 |
| 2001 | 101,3 | 99,5 | 98,7 | 97,4 | 98,1 | 96,8 |
| 2002 | 103,0 | 100,1 | 101,3 | 99,0 | 100,9 | 98,5 |

Fonte: Banco de España, Boletín estadístico

tanto que o incremento da ocupación en construción e servizos foi inferior ó rexistrado en 2001: 3,4% (63,0 miles de ocupados máis) e 3,2% (320,7 miles de persoas) en 2002, fronte ó 7,8% e 3,6% en 2001.

A poboación activa (18.340,5 miles de persoas) rexistrou unha medra de 3,0% en relación a 2001, e o número de parados aumentou un 11,4% para situarse nos 2.082,9 miles de parados. A taxa

de desemprego ascendeu ata o 11,4% fronte ós 10,5% do ano anterior.

Respecto á **competitividade** da economía española fronte á Unión Europea, a países desenvolvidos e a países industrializados, o **cadro 1.1.3.** reflicte que ó igual que acontecía no ano 2001, se produce unha perda de competitividade fronte as tres zonas tanto en termos do IPC como en termos de prezos industriais.

Indicadores principais da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

| | Unidade de medida | Período de referencia | Galicia | Rexión Norte | Eurorrexión |
|--------------------------------------|-------------------|--------------------------|---------|--------------|-------------|
| Superficie | Km ² | -- | 29.575 | 21.278 | 50.853 |
| Poboación de dereito | miles de persoas | 01/01/2002 31/12/2001 | 2.737,4 | 3.657,8 | 6.395,2 |
| Poboación ocupada | | | 1.087,8 | 1.778,2 | 2.866,0 |
| Agricultura e pesca | | | 139,1 | 202,5 | 341,6 |
| Industria e construción | miles de persoas | 4º trim. 2002 | 352,1 | 766,4 | 1.118,5 |
| Servicios | | | 596,6 | 809,3 | 1.405,9 |
| Taxa de paro | (%) | | 12,0 | 6,2 | |
| Producto Interior Bruto (PIB) | millóns de euros | 2000 | 32.594 | 33.665 | 66.259 |
| PIB per cápita | euros | 2000 | 12.011 | 9.260 | |
| PIB per cápita (1) | EU-15=100 | 2000 | 65 | 56 | |
| PIB per cápita (1) | EU-15=100 | 1998-2000 | 64 | 58 | |

(1) Tense en conta as diferencias en niveis de prezos nacionais que non son tidos en conta polos tipos de cambio
 Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE, Eurostat e do Instituto Nacional de Estadística de Portugal

Panorama económico da eurorrexión

A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, tal e como se reflicte no **cadro 1.1.4.**, ocupa unha superficie de 50.853 quilómetros cadrados, e conta a comezos do ano 2002 cunha poboación de 6.395,2 miles de persoas, o que implica unha densidade media de 125,8 habitantes por quilómetro cadrado.

A poboación ocupada no cuarto trimestre do 2002 era de 2.866,0 miles de persoas (un 1,4% máis que no mesmo período do ano anterior), o que representa aproximadamente o 44,8% da poboación total da eurorrexión. Atendendo á distribución segundo sectores económicos, o sector servicios acolle o 49,1% da poboación ocupada total, fronte o 39,0% dos sectores da industria e construción, considerados conxuntamente, e os 11,9% do sector primario.

O devandito cadro reflicte a distinta importancia relativa dos sectores económicos en Galicia e no Norte de Portugal en termos de poboación ocupada. Mentres que Galicia rexistra unha maior importancia relativa da poboación ocupada nos sectores servicios e primario (o 12,8% da poboación ocupada o fai no sector primario e o 54,8% no sector servicios, fronte ó 11,4% e 45,5%, respectivamente, no Norte de Portugal), no Norte de Portugal o peso relativo da

poboación ocupada no sector industrial é superior ó rexistrado en Galicia: o 43,1% e 32,4%, respectivamente.

Comparado cos datos rexistrados no mesmo período do ano precedente, o aumento da poboación ocupada na eurorrexión débese ó crecemento da mesma en Galicia, con 102,7 miles de ocupados máis, que compensa a caída da ocupación no Norte de Portugal, con 64,1 miles de ocupados menos. Atendendo á distribución sectorial, na eurorrexión rexístrase unha caída da ocupación no sector primario (21,1 miles de persoas menos) fronte á medra de 57,8 miles de ocupados no sector servicios e de 2,0 miles de persoas no sector industrial.

No concernente ás taxas de desemprego, no cuarto trimestre de 2002 acadan en Galicia un valor moi superior á rexistrada no Norte de Portugal: mentres que en Galicia era do 12,0%, no Norte de Portugal era do 6,2%.

Finalmente, se consideramos que o produto interior bruto na UE-15 é igual a 100, no ano 2000 o PIB per cápita en Galicia (en paridad de poder adquisitivo) é superior ó estimado para a rexión Norte de Portugal: 65 e 56 respectivamente. Se se ten en conta a media dos anos 1998-2000, Galicia presenta un índice seis puntos superior ó rexistrado para o Norte de Portugal: a primeira presenta un 64 e a segunda un 58.

Análise da converxencia real

Un último aspecto a considerar é o relativo á análise da converxencia con España e a Unión Europea en termos do PIB por habitante (media española igual a 100) e PIB por habitante medido en paridades de poder de compra (media UE-15 igual a 100).

Atendendo á converxencia real con España, o índice PIB por habitante, **cadro C.1.2.** (*Converxencia real das CC.AA. fronte a España e a Unión Europea (UE-15)*), amosa que entre os anos 2001 e 2002 Galicia reduce a distancia con respecto á media española, ó presentar este índice uns valores de 79,4 e 79,6, respectivamente.

Comparada coas outras comunidades autónomas, Galicia é a terceira comunidade co menor valor, por diante de Estremadura (65,9%) e Andalucía (76,5%), ademais de Ceuta e Melilla (79,1%).

Con respecto á UE-15, o PIB por habitante (poder de compra) galego no ano 2002 era o 66% do valor medio da UE-15, cando no conxunto do Estado, este índice acada un valor de 84%. Comparado coa media comunitaria (UE = 100), Galicia é unha das seis comunidades autónomas cun PIB per cápita inferior ó 75% da media, xunto a Estremadura (54%), Andalucía (64%), Castela A Mancha (67%), Murcia (72%) e Asturias (73%), ademais de Ceuta e Melilla (67%).

Se se considera o PIB per cápita da Unión Europea e os 10 países candidatos a formar parte da mesma na futura ampliación (UE15+AC10 igual a 100), **cadro C.1.2.**, Galicia seguiría sendo unha rexión obxectivo 1, xa que o PIB per cápita galego representa o 71,3% do PIB comunitario por habitante en 2000. Por debaixo do 75% da media comunitaria situaríanse Estremadura (58,4%), Andalucía (67,4%), e Castela A Mancha (73,5%), sendo do 75,1% en Ceuta e Melilla e do 75,7% no caso de Murcia.

Finalmente, se consideramos que o produto interior bruto na UE 15 é igual a 100, no ano 2000 o PIB por habitante en Galicia é superior ó estimado para a rexión Norte de Portugal: 64,7 e

56 respectivamente. Na media dos anos 1998-2000, os valores son de 64,4 no caso de Galicia e de 58 no caso da rexión Norte de Portugal. ■